

**REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL DE
ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

ACTA N° 8

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicerxerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción da acta:

Maria Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Xosé Luciano Otero Camiña (CIG)

Carlos Román Lago (CIG)

Carlos Mollinedo (CIG)- Escusa ausencia

Roberto Otero Ledo (CIG)-Escusa ausencia

Marcos Estévez Orge (CCOO)-Escusa ausencia

Alfonso Bascoc Fernández (CCOO)

Margarita Turnes Negreira (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)- Escusa ausencia

José Estévez Vázquez (CCOO)-Escusa ausencia

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pividra (CIG)

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Ángel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 11:40h, do 02 de maio de 2019 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.
2. Propostas para convocatoria de procesos selectivos das seguintes categorías:
 - a. Categoría de Técnico/a Superior de Igualdade
 - b. Categoría de Técnico/a Superior de Orientación e Promoción do Emprego e Emprendemento
 - c. Categoría de Técnico/a Superior de Teledocencia

d. Categoría de Técnico/a Superior de Tecnoloxías da Información e Comunicacións.

3. Rogos e preguntas

1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

Apróbase e asínase a acta da reunión anterior de 31 de outubro de 2018, coa sinatura de Pablo Álvarez pola ausencia da presidenta do CEPO.

2. Propostas para convocatoria de procesos selectivos

A xerenta comeza a reunión dicindo que coas propostas enviadas, se intentou homoxeneizar o máis posible os exercicios. Son todas de acceso libre salvo Técnico Superior de Tecnoloxías da Información e Comunicación que se acumulou a oferta de 2016 e 2018 unificándose por razóns organizativas.

Pablo Álvarez di que non lles foi posible revisar as convocatorias propostas porque dispuxeron de poucos días para velas ademais da complexidade das mesmas polo que non teñen unha valoración. Por outra banda engade que se pediu unha reunión coa xerencia e non foron convocados e expresa a súa preocupación porque cree que os compromisos do equipo de goberno con outros colectivos vanse levando a cabo mentres os do comité non saen adiante. Salienta ademais catro puntos importantes: os pluses dos conserxes, a carreira profesional, dar unha saída ao atasco do grupo IV e a DA9^a do Convenio Colectivo. Solicitan datas concretas para sacar adiante as súas reivindicacións.

A xerenta di que para elaborar as OPE hai un prazo limitado porque senón caducan, sobre todo a oferta de 2016, polo que se está intentando axilizar o máis posible os procesos que caducan. En canto á reunión co Comité de Empresa de Pontevedra efectivamente está pendente porque cre que a reunión debe ser cos dous comités e non só con un individualmente.

Pablo Álvarez actuando como presidente do comité de Pontevedra en funcións expón a posición do órgano “desde o comité entregouse fai moitos meses un documento de prioridades no que basear as negociacións e reclamouse repetidamente comenzar a negociar estas prioridades, consideramos que a OPE do 2016 ten un horizonte próximo que non se pode deixar de lado pero para nós as prioridades son as que temos notificado por escrito a xerencia que reclamamos se nos debe convocar para negociar estas prioridades e no caso de ter que establecer unhas prioridades entre esos puntos deberíase establecer unha cronoloxía co fin de establecer un horizonte para estes obxectivos. (plus de TESX que espera desde 2002, adicional 9 desde o 2008, promoción do grupo IV a III ao igual que os nosos compañeiros funcionarios y carreira profesional do pas laboral da que o comite xa enviou un borrador)

O presidente do Comité de Empresa de Ourense fai referencia ao feito de que temos que anticipar problemas como os xurdidos nas aperturas especiais de biblioteca en relación coas listas de agarda. Sinala tamén que hai que anticipar a situación que se producirá a partir do mes de setembro dado que entramos en período electoral e os antecedentes nos din as dificultades



Universidade de Vigo

da negociación con garantías neses períodos. Por outra banda fai referencia á sentenza do concurso de responsables que afecta de forma directa á RPT e teríamos que tratar de resolver ese problema. En relación ás propostas achegadas por xerencia, di que por falta de tempo tampouco pode facer unha valoración.

A xerenta di que as propostas enviáronse coa idea de que se foran estudiando non para pechar nada na presente reunión. En canto aos compromisos electorais, hai catro anos para levalos a cabo.

Carlos Román explica que por minguas no comité por diversas causas non deu tempo de estudar as propostas. En canto aos compromisos electorais considera que, aínda que efectivamente hai catro anos, hai que cumplirlos o antes posible, e iso é labor da xerencia.

O vicexerente de Recursos Humanos di que no tempo que leva este novo equipo de governo se fixeron varias cousas: reordenación horaria, réxime retributivo na situación de IT, eliminación da bolsa horaria, etc., que afectan ao todo o PAS. As negociacións realizadas co PAS funcionario refirente ás OEP de 2016 e 2017, coa única excepción do documento para o nomeamento provisional de funcionarios nun grupo superior. Estase pouco a pouco a cumplir os compromisos electorais pero por exemplo en relación á DA 9º do Convenio Colectivo é un tema que leva 11 anos sen facerse nada e agora non se pode arranxar nuns meses.

Margarita Turnes di que a convocatoria de 2019 da roupa de traballo, que debe saír no primeiro trimestre do ano, aínda non saíu, e os pedimentos feitos de 2018 están sen entregar.

A xerenta considera tamén que efectivamente nestes dez meses se arranxaron varios temas pendentes e que eran más inmediatos. No relativo á roupa de traballo darase orde para a entrega da de 2018 nos vindeiros días e tentará sacarse o antes posible a convocatoria de 2019.

Rodrigo Alberte di que esperaba que houbese unha reunión previa onde se falara do desenvolvemento dos exercicios. En canto ás propostas enviadas por xerencia non tiveron tempo de velas polo miúdo.


O Presidente do CEO manifesta que aínda que non debatamos das convocatorias, o exame de galego é un tema transversal para todas as categorías e polo tanto é necesario as normativas de aplicación.

Federico Fernández formula/suxire a posibilidade de facer un esquema das probas por grupos, tanto para o grupo I como o resto.

A xerenta non ve problema en ter unha reunión onde tratar a estrutura das probas, aínda que considera que sería prioritario chegar a un acordo de estrutura do grupo I e II.

O presidente do CEO considera moi relevante que a convocatoria especifique un horizonte temporal, é dicir, que se diga "...antes da data XX non se producirá o desenvolvemento das probas e finalizarán antes de XX.." para que así as/os participantes poidan programar o seu tempo.

A xerenta fai referencia tamén a tratar a OPE 2019 antes de que os dous comités estean "en funcións".



Universidade de Vigo

Federico Fernández explica que nas listas de ampliación de ATSX, ao concurso no relativo/concernente á experiencia noutras administracións, estalles a supoñer un importante problema valorar esa experiencia. Considera que para ampliacións de listas de agarda só se deberían valorar os servizos prestados na Universidade de Vigo.

José Manuel García Eirín di que se se van enviar más convocatorias, habería que corrixir a declaración xurada que é para funcionarios, non para laboral.

A xerenta remata dicindo que se tratará de ter unha vindeira reunión en unha ou dúas semanas.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 13:20h.

